## *Cantigas populares:*

"Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra
ben o pudera ter de ouro
miña Virxe si quixera"

"Viva sábado da Barca,
sábado da Barca viva,
coma sábado da Brca
non o vin na miña vida."

"Veño da Virxe da Barca
veño de abalar a pedra,
abalei a máis pequena,
a grande non quixo ela."

"Nosa Señora da Barca
mándanolo vento en popa,
que somos os de Muxía
levamos a vela rota"

## *Autor: Bartolomé Sagrario de Molina (s. XVI), en Descripción del Reino de Galicia*

"Está en aquel puerto que dije Muxía
Una gran barca de piedra que es tal
con mástil y velas del mismo metal
do quiso mostrarse la Virgen María.
Y aunque es esta barca de peso y contía,
tocando la mano, sin más otra prueba,
un niño pequeño hará que se mueva,
que burla parece tener tal porfía."

### *Xervasio Paz Lestón*

“Nosa Señora da Barca
viño un día pol-o mare
hastra costas de Muxía
sobre a pedra de abalare.

As mociñas muxianas
que teñen mozos peixeiros
róganlle á Virxen da Barca
patrona dos mariñeiros.

Os que se van da bisbarra
sexan da vila ou da aldea,
na data da romeiría
tolean por verse n-ela.

Nosa Señora da Barca,
aparella a tua nave
pra leval-os emigrados
que se morren de soidades.”

“Por ambos vieiros, en centos e miles
¡que hai tantos que levan delores na i-alma
e van en romaxe buscando consolo
ao pé da imaxen divina da Santa!

Y ao par dos romeiros que traen acesas
no fondo do peito as místicas lampras,
arriban aqueles que van ás romaxes
buscando o rebunbio das festas paganas.

Por eso, Muxía rebule esos días
ao son dos pandeiros, tambouros e gaitas:
rechouchan as cunchas, voian catareias…
i os mozos nas prazas bailan ribeiranas.”

## *Rosalía de Castro*

"¡Cánta xente…cánta xente
por campiños e por veigas!
¡cánta polo mar abaixo
ven camiño da riveira!
¡Qué lanchas tan ben portadas
con aparellos de festa!
¡Qué botes tan feituquiños
con tan feituquiñas velas!
Todos cargadiños veñen
de xentiña forasteira
e de rapazas bonitas,
cura de toda-las penas.
¡Cántos dengues encarnados!
¡Cántas sintas amarelas!
¡Cántas cofias pranchadiñas
dende lonxe relumbrean
cal se fose neve pura,
cal froles da primavera!
¡Cánta maxesa nos homes!
¡Cánta brancura nas nenas!
I eles semellan gallardos
y elas cogolliños novos
co orballo da mañán fresca."

"Ramo de froles parece
Muxía a das altas penas
con tanta rosa espallada
naquela branca ribeira,
con tanto caraveliño
que relose antre as areas,
con tanta xente que corre,
que corre e se sarandea
ó son das gautas que tocan
e das bombas que reventa,
uns que venden limoada,
outros auga que refresca,
aquéles dulce resolio
con rosquillas de almendra;
os de máis alá sandías
con sabrosas sirigüelas,
mentras tanto que alfún cego,
ó son da alegre pandeira,
toca un carto deguitarra
para que bailen as nenas."

"(...)uns que venden limoada,
outros auga que refresca,
aquéles dulce resolio
con rosquiñas de almendra;
os de máis alá sandías
con sabrosas sirigüelas (...)"

**_Gonzalo López Abente_**

*Himno de la Virgen de la Barca*

"Ingentes peñascales
De la costa bravía
en que grabó María
sobre la blanca espuma,
sus huellas al dejar,
la nave prepotente
que surcó desde Oriente
la procelosa mar.
La rosa del milagro
temblando en la ribera
cual tiembla en la quimera
luciente rosicler,
desabrochó sus hojas
de nítida blancura,
surgiendo la figura
de virginal mujer.

Nuestro Señor Santiago
de fatiga rendido,
y a la sombra acogido
del duro peñascal,
está cuando esta Rosa
le sorprende y le anima
a conquistar la cima
de su misión cordial.

De piedra era la barca
en que Nuestra Señora,
envuelta en luz de aurora,
a Mugía arribó.
Y desde aquel entoces
la milagrosa nave
con rumbo lento y grave
oscilando quedó.

Al templo de la Virgen
bendita la Barca
que expande en la comarca
fulgente resplandor,
acuden de parajes
cercanos o remotos
innúmeros devotos
henchidos de fervor.

Cantemos alabanzas
a la Patrona nuestra
que tan patente muestra
nos ha dado de amor
viniendo en carne humana
visitar este suelo
y levantar el cel
evangelizador.”

*A romeira*

“Con un ramo de frores
ven a romeira,
chorando as súas dores
pola ribeira.

Polas portas abertas
da ermida, adiante
a ariada de ofertas
feitas á Santa.

Sen o ramo de frores
marcha a romeira
a cantar seus amores
pola ribeira.”

**_Federico García Lorca_**

"¡Ay ruada, ruada, ruada
da Virxe pequena
e da súa barca!

A Virxen era pequena
e a súa coroa de prata.
Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva pol-a montaña.
Mortos e mortas de néboa
pol-os sendeiros chegaban.

¡Virxe, deixa a túa cariña
nos doces ollos das vacas
e leva sobr'o teu manto
as froles da amortallada!

Pol-a testa de Galicia
xa ven salaiando a i-alba.
A Virxe mira pró mar
dend'a porta da súa casa.

¡Ay ruada, ruada, ruada
da Virxe pequena
e a súa barca!